

ACTA Nº 2/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Paradelas, a trinta e un de marzo de 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dez minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2016.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xaneiro de 2016 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista advirte dun erro no primeiro parágrafo do punto sexto, da citada acta.

Por parte da Presidencia, constátase a existencia do citado erro e procederáse a súa rectificación.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2016. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado



Concello de Paradela

3º.- DACIÓN DE CONTA, DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2015.

Deuse conta do decreto de 16 de febreiro de 2016 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co establecido nos arts. 191 do Rel decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, 89 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e o disposto nas Regras 66 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo simplificado de contabilidade local, se procedeu ao peche e liquidación do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2015, poñéndose de manifesto os seguintes resultados:

RESULTADO PRESUPOSTARIO

Dereitos recoñecidos netos(+)	1.536.533,84 €
Obrigas recoñecidas netas(-)	1.587.535,41 €
Resultado presupostario	- 51.001,57 €
Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (+)	9.899,25 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	
Desviacións de financiamentos positivas(-)	49.707,71 €
Resultado presupostario axustado	8.605,39 €

REMANENTE DE TESOURERÍA

1. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio	425.718,45 €
De orzamento de ingresos. Exercicio corrente	331.005,26 €
De orzamento de ingresos. Presupostos pechados	94.713,19 €
De operacións comerciais	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	0,00 €
Ingresos pendentes de aplicación definitiva	4.424,68 €
2. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio	265.266,64 €
De orzamento de gastos. Exercicio corrente	242.731,63 €
De orzamento de gastos. Exercicios pechados	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	22.535,01 €
Pagos pendentes de aplicación orzamentaria	560,80 €
3. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio	43.881,90 €
4. Remanente de tesourería total	204.333,71 €
5. Saldos de dudoso cobro	37.326,66 €
6. Remanente de tesourería afectado a gasto con financiación finalistas	0,00 €
7. Remanente de tesourería para gastos xerais (1-2+3-4-5)	167.007,05 €

REMANENTES DE CRÉDITO:

De conformidade co disposto nas regras 37 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, os remanentes de crédito ascenden a cantidade de: 194.655,28 €, atopándose os mesmos na seguinte situación:

1.- Presuposto definitivo	1.782.190,69
2.- Obrigas recoñecidas netas	1.587.535,41



Concello de Paradela

3.- Remanente de Crédito.....	194.655,28
4.- Remanentes comprometidos.....	110.437,67
Incorporables.....	110.437,67
Non incorporables.....	0,00
5.- Remanentes non comprometidos	84.217,61
Incorporables.....	35.580,98
Non incorporables.....	48.636,63

Tendo en conta o establecido na normativa citada e o contido no informe da Secretaría-Intervención de data 15 de febreiro de 2016, en uso das facultades conferidas polos artigos 191.3º e 193. 4º e 5º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por medio da presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á liquidación do orzamento xeral municipal para o exercicio 2015, nos termos anteriormente expresados.

SEGUNDO.- Declarar coma remanentes comprometidos incorporables:

- Da partida 1531.600 4.821,00 € para a adquisición de terreos en Toexe.

- Da partida 164.632 105.616,67 € para Ampliación e Reforma do tanatorio Municipal.

TERCEIRO.- Declarar coma remanentes non comprometidos incorporables:

- Da partida 1531.600 154,00 € para os gastos notariais da adquisición de terreos en Toexe.

- Da partida 1531.619 24.806,72 € para a dirección de obra e execución do proxecto acondicionamento e mellora dos accesos a Toexe, parroquia de Santalla.

- Da partida 164.632 820,26 € para gastos de dirección da obra Ampliación e Reforma do tanatorio Municipal.

- Da partida 920.623 9.800,00 € para inversión en instalacións técnicas de administración xeral.

CUARTO.- Remitir copia da liquidación que se aproba ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

En Paradela, a 16 de febreiro de 2016 O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Ante min. O Secretario-Interventor Asdo.: José López González. Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

O Pleno dase por enterado.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DE GSTO E NIVEL DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2015.

Por parte do Secretario-Interventor, douse conta, facendo unha explicación ao respecto do informe emitido en data 15 de febreiro de 2016, que se transcribe a

continuación:

“INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2015.

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2015 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, emito o seguinte INFORME:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

1.- Lexislación aplicable

- *Regulamentos (CE) N° 2223/96, 2516/2000, 2558/2001 e 1221/2002 do Consello da Unión Europea, relativos ao sistema de constas nacionais e rexionais (SEC 95).*
- *Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*
- *RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais. (RLEO)*
- *RDL 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. (TRLFL)*
- *Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais.*

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira da cumprimento o mandato constitucional establecido no artigo 135 que consagra a garantía da estabilidade orzamentaria como unha das claves da política económica do Estado Español. En setembro de 2011 reformouse o texto constitucional introducindo ó máximo nivel normativo do noso ordenamento xurídico unha regra fiscal que limita o déficit público de carácter estrutural e limita a débeda pública ó valor de referencia do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. A citada norma xa foi modificada pola Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro.

2.- Obxectivo de estabilidade

O Consello de Ministros con data 10 de xullo de 2015 estableceu o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o trienio 2016-2018 en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, que estima un déficit para as entidades locais do 0,0 por 100 en 2016, un 0,0 por 100 en 2017 e un 0,0 por 100 en 2018 (en porcentaxe de PIB).

A elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos entes que forman o sector público, entre eles, as Corporacións Locais, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Enténdese por estabilidade orzamentaria (artigo 3 LOEOSF) das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como

déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. Segundo o artigo 11.4 “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit presupostario”.

Simplificando, o volumen da débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento–amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigurosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, dacordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados económicos se deduza que incurren en perdas e requiran para seu saneamento da dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior que lle toque aportalos, e deberán ser obxeto dun informe individualizado.

3.- Principio de estabilidade orzamentaria

Establece o artigo 2 da LOEPSF que “ós efectos da presente lei, o **sector público** considérase integrado polas seguintes unidades: as **corporacións locais.....**”. Pola súa banda o artigo 3 determina que a elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos entes que forman o sector público, entre eles, as Corporacións Locais, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 establece a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria, así, as entidades locais deben axustar seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria “A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria”, “ningunha Administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais”, “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 4 do Regulamento cando establece que “as entidades locais.... aprobarán, executarán e **liquidarán** os seus presupostos consolidados axustándose ó principio de estabilidade...”.

En suma, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en términos de capacidade de financiación dacordo ca definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95), é dicir, a existencia dun equilibrio en términos de presupostación, execución e liquidación, entre os **ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza**, de modo que se os ingresos son superiores ós gastos estaremos nunha situación de equilibrio (capacidade de financiación), polo contrario, se os gastos superan ós ingresos estaremos ante unha situación de desequilibrio (necesidade de financiación).

4.- Verificación do cumprimento

Segundo o artigo 15 do Regulamento, “se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados...de los sujetos incluídos en el artículo 4.1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales”.

Sentado o anterior, xenericamente, poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é **igual ou positivo** se estará en “**estabilidade**” pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a remisión do dito informe. Pero ademáis, tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, pois o art. 16.2 (terceiro parágrafo) do regulamento indica que “.....detallará los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de contabilidad nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)”.

Así pois aplicando a **PRIMEIRA FÓRMULA** (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos) tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio 2015, sendo a situación do Concello de Paradela a seguinte:

Cap	Denominación	DR netos	Cap	Denominación	OR netas
1	Impostos directos	379.902,19	1	Gastos persoal	441.096,93
2	Impostos indirectos	28.512,16	2	Gastos bens corrent	446.279,93
3	Taxas e outros ingresos	116.154,82	3	Gastos financeiros	2.845,90
4	Transf. correntes	703.546,79	4	Transf. correntes	27.115,34
5	Ingresos patrimoniais	10.721,51			
6	Alleam. Invest reais	0,00	6	Investimentos reais	643.756,25
7	Transf. de capital	297.696,37	7	Transf. de capital	0,00
		1.536.533,84			1.561.094,35
Capacidade-necesidade de financiación				-24.560,51	

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o **Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)**, deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Paradela serían os seguintes:

1.- AXUSTES NO ESTADO DE INGRESOS.-

A) Ingresos fiscais e asimilados.- Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 e 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, isto é, o axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a



recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo, diminuindo o déficit. O importe total recadado polo Concello durante o exercicio 2015 ascendeu a 401.261,79 (299.955,80 capítulo 1, 28.512,16 capítulo 2 e 72.793,83 do capítulo 3) en corrente e 108.011,56 euros en pechados (72.354,33 do capítulo 1 e 35.657,23 do capítulo 2), o que suma un total de 509.273,35 euros. Os dereitos recoñecidos nestes capítulos ascendían a un total de 524.569,17 euros, polo que a diferenza debe **axustarse á BAIXA**, por importe de **15.295,82 (7.592,06 do capítulo 1; 7.703,76 do capítulo 3)**.

B) Participación nos tributos do Estado.- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2015. As diferenzas poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquelas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2015 por descoñecemento dos datos a 31/12/15 ou ben en senso contrario axustaremos á baixa polos dereitos recoñecidos correspondentes ao 2014, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/14. En concreto neste exercicio non proceden os **axustes correspondentes á participación dos tributos do estado** pois o Concello tiña coñecemento da entrega a conta correspondentes ao mes de decembro no propio mes de decembro de 2015 aínda que non se producirá o ingreso efectivo.

C) Transferencias correntes e de capital.- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do ente pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade. Para este Concello a aplicación práctica deste axuste concrétese para as distintas subvencións que recibe no importe resultante de sumar ós dereitos recoñecidos en 2015, o ingresado por dereitos recoñecidos de orzamentos pechados que tiveron recoñecemento de pago polo pagador neste exercicio, e axustar á baixa todos aqueles dereitos recoñecidos pendentes de pago que a 31 de decembro de 2015 todavía estaban pendentes de recoñecemento polo pagador. Estas diferenzas afloran debido a que o dereito recoñecido por subvencións contabilízase no momento en que o Concello cumpre os requisitos esixidos para poder xerar dereito ó cobro da mesma, podendo ocorrer que o ente pagador tras recibir a xustificación recoñeza a obriga en exercicio distinto. Este axuste poderíase evitar se os entes pagadores subministraran ó Concello a información sobre os importes contabilizados polos mesmos como transferencias dadas, cando na práctica non é habitual que subministren esta información, debendo a Intervención recabala ben a través de consultas telefónicas ou ben partindo da comunicación inicial de concesión da subvención na que se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ó orzamento da concesión.

- O importe que debemos **axustar ó alza** correspondente a cobros de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados (ano 2014) ascende a un total de **83.158,59 euros**, que responden ó seguinte esquema:

Concepto	Denominación	I
450	Brigada 1 Incendios	5742,00
451	Convenio Axencia de Turismo de Galicia	6100,00
461	SAF Básico	3316,59
461	Torneo fútbol sala	700,00
461	Certame Literario Manuel Oreste	800,00
750	INEGA Renovación ILE	38500,00
750	Fondo Compensación ambiental	28000,00
	TOTAL	83.158,59

A subvencións recoñecidas en anos anteriores pero ingresadas en 2015 corresponden a subvencións da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo que debían ser xustificadas antes de 31/12/14 para que o ente pagador puidera deixar a obriga en fase O (recoñecemento), tal e como se deduce da documentación de cada unha delas.

- O importe que debemos **axustar á baixa** corresponde a dereitos recoñecidos en 2015 e pendentos de cobro a 31 de decembro porque todavía están pendentos de recoñecemento da obriga por parte do ente pagador, ascende a un total de **85.154,27 euros** e responden ó seguinte desglose:

Concepto	Denominación	DR
450	Prevención e extinción incendios	2390,19
450	Motobomba	2153,25
451	Convenio Axencia de Turismo de Galicia	6125,00
461	SAF Básico	4553,00
461	Torneo fútbol sala	560,00
461	Certame Literario Manuel Oreste	850,00
750	INEGA Renovación ILE	38500,00
750	Fondo Compensación ambiental	27817,83
761	Reparacións humidades Centro Socio cultural	1300,00
761	Equipamento Polideportivo	905,00
	TOTAL	85.154,27

D.- Axuste pola devolución da PTE.- Outro axuste que cabe realizar nesta fase de presupostación o constitúe o importe que debe reintegrarse durante 2015 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto en 2015 por importe de 2.826,51 euros, considerando que o Estado realiza un axuste negativo. Concretamente:

Devolución liquidación PIE 2008 en 2015 (+) 79,80 €

Devolución liquidación PIE 2009 en 2015 (+) 2.746,71 €

2.- AXUSTES NO ESTADO DE GASTOS.- No estado de gastos NON é necesario realizar ningún tipo de axuste

Aplicando os axustes sinalados anteriormente, resulta que a necesidade/capacidade de financiación real deste Concello ascende a – 39.025,50 €,

segundo se desprende do cadro seguinte:

Ingresos non financeiro	1.536.533,84
Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	
Axuste por recaudación ingresos capítulo 1	- 7.592,06
Axuste por recaudación ingresos capítulo 2	0,00
Axuste por recaudación ingresos capítulo 3	-7.703,76
Axuste por transferencias	+ 83.158,59 - 85.154,27
(+) Axuste por liquidación PTE – 2008	79,80
(+) Axuste por liquidación PTE – 2009	2.746,71
Total axustes	-14.464,99
Gasto no financeiro	1.561.094,35
Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	
Capacidade-necesidade de financiación SEC95	- 39.025,50

Significar, que se trata dunha inestabilidade que **non ten carácter estrutural**, xa que os gastos que foron financiados no exercicio con remanente de tesorería, derivado das incorporación de remanentes de crédito obrigatorias ascendeu a 49.707,75 €; estes implican un aumento da necesidade de financiación do exercicio 2015, pero de carácter autofinanciado (nos gastos financiados con RLT recoñécese a obriga pero non o dereito que non se liquida), polo que deberían eliminarse estes gastos do cómputo porque en puridade aínda que financiados teoricamente a efectos de equilibrio formal cun ingreso financeiro do capítulo 8, non se acudiu a financiación externa e por tanto non supoñen inestabilidade orzamentaria; **polo que tendo en conta isto o Concello tería unha capacidade de financiación de 10.682,25 €**; se ben este criterio non é o que sostén a Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que non procede analizar nin axustar os gastos financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, nin por incorporación de remanentes de crédito aínda que ambos gastos con esa fonte de financiación diminúen a capacidade de financiación desta Corporación Local; **polo que en estricto cumprimento das disposicións vixentes se proceda a elaboración e elevación ao Pleno para a súa aprobación dun Plan económico financeiro**. A continuación procederase ao cálculo da capacidade/necesidade de financiación aplicando a **SEGUNDA FÓRMULA** (cap VIII Gastos – cap VIII Ingresos) – (cap IX Ingresos – cap IX Gastos), pois tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, tal e como se desprende do art. 16.2 do regulamento. Así resulta a seguinte situación:

Cap	Denominación	DR	Cap	Denominación	OR
8	Activos Financeiros	0,00	8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	9	Pasivos Financeiros	26.441,06
Variac. activos financeiros (cap 8 G- cap 8 I)			Variac. pasivos financeiros (cap 9 I – cap 9 G)		- 26.441,06
Capacidade-necesidade de financiación (variación activos – variación pasivos)					- 26.441,06

Observamos que aplicando esta segunda fórmula o Concello presenta unha **capacidade de financiación por importe de 26.441,06 euros.**

CUMPRIMENTO REGLA DE GASTO

- Gasto computable liquidación 2014.....927.300,71 €
- Límite regra de gasto 2015..... 939.355,62 €
- Gasto computable liquidación.....936.726,30 €

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable exercicio 2015 é de 2.629,32 €.

Os datos anteriormente reflectidos resultan do seguinte:

- Total gasto computable liquidación 2014..... 927.300,71 €
- Suma de capítulos 1 a 7 de gastos liquidación 2015..... 1.558.248,45 €
- Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas..... - 479.314,78 €
- Comunidade Autónoma..... - 357.751,91 €
- Deputacións..... - 121.562,87 €
- Total gasto computable exercicio 2015..... 1.078.933,67 €
- Gastos inversión financeiramente sostibles..... - 122.872,85 €

Detalle de diminución gasto computable por inversión financeiramente sostibles (DA6 LO 9/2013)

<i>Descrición inversión financeiramente sostenible</i>	<i>Aplicación económica</i>	<i>Grupo programa de gasto</i>	<i>Obrigas recoñecidas netas no exercicio</i>
<i>Renovación instalacións alumado público</i>	639	165	- 9.000,00
<i>Mellora de Camiños titularidade municipal</i>	619	453	- 22.129,80
<i>Rexeneración a diversos núcleos de Paradela</i>	619	453	- 51.967,75
<i>Rexeneración núcleos Vilachá, Bariz e Penón</i>	619	453	- 26.167,46
<i>Rexeneración de accesos a San Pedro, Toimil e Cortiñas</i>	619	453	-13.607,84

- Incremento de IBI polo BICES de Belesar, polo incremento do seu valor catastral, que supoón uns maiores dereitos recoñecidos por importe de..... - 19.334,52 €
- Gasto computable liquidación..... 936.726,30 €
- Límite máximo gasto computable exercicio 2015.....939.355,62 €

Cumprimento da regra de gasto por importe de 2.629,32 €

NIVEL DE DÉBEDA VIVA A 31-12-2015 183.238,27 €

Por último, e antes de proceder ás conclusións deste informe, é necesario facer unha precisión na definición da capacidade/necesidade de financiación, que dacordo co RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO), e o RDL 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (TRLXEO), queda definida en termos presupuestarios, tal e como se deduce do art. 16.2 do regulamento.



O artigo 16.2 do RLEO establece “en las restantes entidades locales (no incluídas en el art. 111 del TRLRHL), la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes. El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del TRLRHL, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación. El Interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el SEC95...”.

CONCLUSIONES.

PRIMEIRO.- O Concello de Paradela **non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, se ben, se trata dunha inestabilidade que non ten carácter estrutural, **non ten carácter estrutural**, xa que os gastos que foron financiados no exercicio con remanente de tesorería, derivado das incorporación de remanentes de crédito obrigatorias ascendeu a 49.707,75 €; estes implican un aumento da necesidade de financiación do exercicio 2015, pero de carácter autofinanciado (nos gastos financiados con RLT recoñécese a obriga pero non o dereito que non se liquida), polo que deberían eliminarse estes gastos do cómputo porque en puridade aínda que financiados teoricamente a efectos de equilibrio formal cun ingreso financeiro do capítulo 8, non se acadou a financiación externa e por tanto non supoñen inestabilidade orzamentaria; **polo que tendo en conta isto o Concello tería unha capacidade de financiación de 10.682,25 €**; se ben isto non é óbice para que en estricto cumprimento das disposicións vixentes se proceda a elaboración e elevación ao Pleno para a súa aprobación dun Plan económico financeiro.

SEGUNDO.- O Concello de Paradela **cumpre co obxectivo de regra de gasto.**

TERCEIRO.- O nivel de débeda viva é de 183.238,27 €.

Tal e como sinala o RLEO, procede elevar ao Pleno este informe xunto co expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2015 sen máis trámite.

Paradela, a 15 de febreiro de 2016. O Secretario-Interventor, Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2016.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE PARADELA

Visto que en data 16 de febreiro de 2016, aprobose por Resolución de Alcaldía a liquidación do Presuposto do exercicio 2015.

Visto o informe de Secretaria- Intervención sobre a necesidade da elaboración dun Plan Económico Financeiro, como consecuencia do incumprimento do obxectivo

da estabilidade orzamentaria.

Visto o contido do Plan Económico Financeiro que se adxunta como Anexo a esta Proposta.

De conformidade co establecido no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira,

PROPOÑO Á CORPORACIÓN o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Paradela nos termos que constan no documento anexo e que se consideran parte integrante do presente acordo.

SEGUNDO.- Dar traslado do Plan Económico Financeiro e de este acordo á Comisión Nacional de Administración Local.

TERCEIRO.- Darlle a mesma publicidade que a establecida polas Leis para os presupostos da entidade, publicándoo no BOP a efectos exclusivamente informativos e poñéndoo a disposición do público.

En Paradela, a 18 de marzo de 2016. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe”

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE PARADELA - 2016

I. INTRODUCCIÓN.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Estabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (1,30% para 2015).

En data 16 de febreiro de 2016 aprobouse por Resolución de Alcaldía a liquidación do orzamento municipal 2015.

En data 15 de febreiro de 2016, emitiuse pola Seceraría-Intervención informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda na liquidación do orzamento 2015, onde se pon de manifesto de xeito textual no punto primeiro das conclusións o seguinte: “O Concello de Paradela **non cumpre co**

obxectivo de estabilidade orzamentaria, se ben, se trata dunha inestabilidade que non ten carácter estrutural, **non ten carácter estrutural**, xa que os gastos que foron financiados no exercicio con remanente de tesorería, derivado das incorporación de remanentes de crédito obrigatorias ascendeu a 49.707,75 €; estes implican un aumento da necesidade de financiación do exercicio 2015, pero de carácter autofinanciado (nos gastos financiados con RLT reconécese a obriga pero non o dereito que non se liquida), polo que deberían eliminarse estes gastos do cómputo porque en puridade aínda que financiados teoricamente a efectos de equilibrio formal cun ingreso financeiro do capítulo 8, non se acudiu a financiación externa e por tanto non supoñen inestabilidade orzamentaria; **polo que tendo en conta isto o Concello tería unha capacidade de financiación de 10.682,25 €**; se ben isto non é óbice para que en estricto cumprimento das disposicións vixentes se proceda a elaboración e elevación ao Pleno para a súa aprobación dun Plan económico financeiro.

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

II. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos plans económico-financeiros, e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.



III. SITUACIÓN ACTUAL

RESULTADO PRESUPOSTARIO

Dereitos recoñecidos netos(+)	1.536.533,84 €
Obrigas recoñecidas netas(-)	1.587.535,41 €
Resultado presupostario	- 51.001,57 €
Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (+)	9.899,25 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	
Desviacións de financiamientos positivas(-)	49.707,71 €
Resultado presupostario axustado	8.605,39 €

REMANENTE DE TESOURERÍA

1. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio	425.718,45 €
De orzamento de ingresos. Exercicio corrente	331.005,26 €
De orzamento de ingresos. Presupostos pechados	94.713,19 €
De operacións comerciais	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	0,00 €
Ingresos pendentes de aplicación definitiva	4.424,68 €
2. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio	265.266,64 €
De orzamento de gastos. Exercicio corrente	242.731,63 €
De orzamento de gastos. Exercicios pechados	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	22.535,01 €
Pagos pendentes de aplicación orzamentaria	560,80 €
3. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio	43.881,90 €
4. Remanente de tesourería total	204.333,71 €
5. Saldos de dudoso cobro	37.326,66 €
6. Remanente de tesourería afectado a gasto con financiación finalistas	0,00 €
7. Remanente de tesourería para gastos xerais (1-2+3-4-5)	167.007,05 €

CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Ingresos non financeiros	1.536.533,84
Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	
Axuste por recaudación ingresos capítulo 1	- 7.592,06
Axuste por recaudación ingresos capítulo 2	0,00
Axuste por recaudación ingresos capítulo 3	-7.703,76
Axuste por transferencias	+ 83.158,59
	- 85.154,27
(+) Axuste por liquidación PTE – 2008	79,80
(+) Axuste por liquidación PTE – 2009	2.746,71
Total axustes	-14.464,99
Gastos non financeiros	1.561.094,35
Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	
Capacidade-necesidade de financiación SEC95	- 39.025,50

De acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria e a súa aplicación ás Entidades Locais, infórmase que, de acordo cos cálculos detallados, incúmprese o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

CUMPRIMENTO REGLA DE GASTO

- Gasto computable liquidación 2014.....927.300,71 €
- Límite regra de gasto 2015..... 939.355,62 €
- Gasto computable liquidación.....936.726,30 €

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable exercicio 2015 é de 2.629,32 €.

Os datos anteriormente reflectidos resultan do seguinte:

- Total gasto computable liquidación 2014..... 927.300,71 €
- Suma de capítulos 1 a 7 de gastos liquidación 2015.....1.558.248,45 €
- Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas..... - 479.314,78 €
- Comunidade Autónoma..... - 357.751,91 €
- Deputacións..... - 121.562,87 €
- Total gasto computable exercicio 2015.....1.084.933,67 €
- Gastos inversión financeiramente sostibles..... - 122.872,85 €
- Incremento de IBI polo BICES de Belesar, polo incremento do seu valor catastral, que supoón uns maiores dereitos recoñecidos por importe de..... - 19.334,52 €
- Gasto computable liquidación..... 936.726,30 €
- Límite máximo gasto computable exercicio 2015.....939.355,62 €

Cumprimento da regra de gasto por importe de 2.629,32 €.

IV. CAUSAS DE INCUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Por decreto da Alcaldía de 3 de marzo de 2015 aprobouse o expediente de modificación orzamentaria nº 1/2015 coa finalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de 49.707,75 €, tratándose dunha incorporación de remanentes obrigatoria.

O artigo 47 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, determina que os remanentes de crédito que amporen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente constituíndo a súa fonte de financiamento os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados aos remanentes que se pretende incorporar. O exceso de financiamento afectado, isto é, a magnitude orzamentaria que constitúe o remanente de tesourería afectada, está formado por ingresos finalistas, os cales, conforme á lexislación vixente, só poden destinarse ao financiamento daqueles gastos aos que a lei os vincula e que, non sendo consumidos integramente no exercicio en que se percibiron, deben ser utilizados nos exercicios seguintes. Neste sentido, o artigo 182.3 do TRLRHL, establece que: “Os créditos que amporen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.”



Atendendo a criterios orzamentarios, a Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades locais, dispón que as aplicacións ao orzamento dos ingresos contidos no remanente de tesourería recolleranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do orzamento de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do orzamento. Considerando o exposto, o remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dando lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, ó límite fixado pola regra de gasto.

A LOEPSF, dispón no seu artigo 21 que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou da regra de gasto, a entidade local deberá aprobar un plan económico financeiro que permita nun ano alcanzar tales obxectivos. Agora ben, faise necesario analizar o alcance de tales incumprimentos así como os seus efectos sobre a situación económico financeira da entidade local e, en consecuencia, cal debe ser o contido do plan económico financeiro a aprobar.

Non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, debería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, tale e como se pon de manifesto a continuación.

No relativo ao financiamento de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou a “COSITAL NETWORK” que a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na regra de gasto, de xeito que os gastos así financiados considéranse gasto computable a tódolos efectos. Para o suposto que nos ocupa, tamén considera que “El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo.

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto.”

En relación coas medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que “Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita (...).

Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos

de estabilidade presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida.”

A primeira consideración sobre as medidas para aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado pola xa citada obrigación legal da súa utilización.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado, lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local.

Polo tanto, se descontamos dos 39.025,50 euros que é a inestabilidade orzamentaria que se reflexa na liquidación, o importe das obrigacións recoñecidas financiadas con remanente de Tesourería para gastos con financiación afectada (49.707,75) este Concello cumpriría coa estabilidade orzamentaria, senón que incluso, tería unha capacidade financeira de 10.682,25 euros.

V. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN.

Á vista do anterior, como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria, o Concello de Paradela debe aprobar un Plan Económico Financeiro conforme á LOEPSF pero non sería necesario a adopción de ningún tipo de medida xa que o incumprimento da estabilidade está máis que xustificadado.

Neste senso, cabe dicir que o orzamento municipal para o exercicio 2016 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 23 de novembro de 2015, o cal foi elevado a definitivo unha vez finalizado o período de exposición pública sen a presentación de alegacións, cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria, tal e como queda exposto no informe de Intervención que o acompaña, de data 17 de novembro de 2015.

VI. CONCLUSIONES.

Analizada a situación económica do Concello de Paradela derivada da liquidación do orzamento 2015, podemos afirmar que conta cun resultado orzamentario positivo, un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 167.007,05 €.

Polo que se refire ao incumprimento da Estabilidade Orzamentaria, o que motiva a elaboración e aprobación do presente plan económico-financieiro, e tal e como se detallou anteriormente, é consecuencia directa do expediente de modificación de créditos por incorporación de remanentes de crédito.

É por iso que, este plan económico-financeiro presenta como única medida de corrección a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2016 cumprindo co principio de estabilidade orzamentaria, o cal tivo lugar como xa se expresou anteriormente.

En Paradela, a 18 de marzo de 2016. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, di que o seu grupo se vai a abster, por coherencia respecto coas votacións realizadas respecto da aprobación dos orzamentos e non estar de acordo coa lexislación que se lle aplica as entidades locais nesta materia.

A continuación, procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola maioría absoluta, co voto a favor dos sete membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros da Corporación.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE REFORMA DAS BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO (BASE TERCEIRA E BASE DÉCIMA).

Dase conta do acordo da Deputación Provincial de Lugo de reforma das Bases que rexen a aceptación e asunción por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público (base terceira e base décima), pola que o premio de cobranza en vía voluntaria pasa do 3% ao 1% manténdose o 75% en vía executiva, a partir do 1 de xaneiro de 2016.

O Pleno dase por enterado.

7.- DACIÓN DE CONTA SENTENCIA 00088/2016 DO T.S.X. DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO RELATIVA AO VIAL DENOMINADO “ACCESO A SAN FACUNDO” SITO NO LUGAR DE ADEGA.

Por parte do Sr. Alcalde, procédese a dar conta da mencionada Sentencia, na que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla a favor do Concello de Paradela, como non podía ser doutro xeito, se ben o Contencioso Administrativo de Lugo en primeira instancia fallou en contra, en relación á carretera de San Facundo.

Procede a lectura das partes máis relevantes da Sentencia onde se di *“Sin embargo, o sólo cabe declarar probado que las correspondientes obras realizadas al nuevo trazado de aquel acceso al monasterio de San Facundo, sito en Paradela (Lugo), se realizaron a cargo de la Excm. Diputación de Lugo por aquella entidad empresarial denominada “Construcciones Nivel 98, S.L.” hasta su p.k. 3,920 – habiendo sido inclusive recepcionadas por dicha Administración provincial según se colige de su correspondiente acta de recepción al efecto obrante al folio 67 de las*

actuaciones de instancia y a la sazón levantada en fecha 29 de octubre de 2008-, sin que sin embrago obre en el Inventario provincial de bienes inmuebles pero sin que tampoco conste entregado hasta la fecha a aquella otra mencionada Administración municipal.

Además publicita telemáticamente y públicamente como propio en la Encuesta de Infraestructuras y equipamientos locales, según asimismo se colige del folio 190 de aquellas actuaciones de instancia antes reseñadas, con la denominación LU-P 42-06.

Se condena a la Excm. Diputación Provincial de Lugo tanto a ejecutar a la mayor brevedad posible y con carácter urgente la reparación de todas las deficiencias estructurales que presente aquel mencionado vial de nuevo trazado y construcción todavía a su cargo, a fin de solventar aquellos derrumbes y deslizamientos, como a reparar definitivamente los menoscabos sufridos por aquel otro añejo vial municipal e indemnizar al Excmo. Ayuntamiento de Paradela, con aquel monto de 10.203,36 euros antes referenciado otrora a la sazón invertido en su mera y urgente reapertura aún de índole parcial, junto con los correspondientes intereses legales procedentes”.

O Sr. Alcalde di que tivo unha reunión co Sr. Presidente da Deputación, o Concelleiro de Vías e Obras e Dona Sonsoles López, e espera que se estea facendo algo ao respecto, xa que se ben o Concello pode esixir a execución de Sentencia en dous meses, espera non ter que chegar a esa situación.

Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialita pide intervir e di que se felicita do sentido da sentenza, se ben recoñece que noutro tempo estaba na outra banda por unha teima persoal, pero o importante e que o litixio rematou e a Deputación ten o compromiso de cumprir evidentemente a Sentencia e proceder aos arranxos do vial e facerse cargo da citada estrada, incluso ver a posibilidade de rematar a mesma ata o Monasterio, se é posible, e seguir loitando. De feito nas próximas semanas as persoas antes citadas na reunión, acudirán a Paradela a ver persoalmente a estrada e di que os técnicos da Deputación xa están a traballar no asunto para resolvelo canto antes.

O Pleno dase por enterado.

8º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA RELATIVA Á REVISIÓN CATASTRAL.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista Dona Sonsoles López dicindo que a revisión catastral vai ter efectos, o que supón un agravio bastante preocupante para o medio rural, ademais tendo en conta que o Concello está bastante saneado, o prexuízo para a xente vai ser bastante grave, tendo en conta que hai moita xente xubilada que xa non realiza actividades deste carácter pero si é titular dos inmobles, por iso solicita a tributación ao 0,3 % e a bonificación do 95%.

A Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa á revisión catastral, ten o seguinte tenor literal:

*“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de PARADELA, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a **REVISIÓN CATASTRAL**, con base na seguinte*



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos, vai ocasionar un impacto importante sobre os habitantes do medio rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización.

Este proceso consiste fundamentalmente en que se están a catastrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalacións rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivendas.

Isto ten como consecuencia que as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmóbles, é dicir, pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais que permite as bonificacións potestativas, e establece que “os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmóbles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.

Do mesmo xeito a normativa permite ó Concello decidir o coeficiente a aplicar sobre o valor catastral entre o 0,3% e o 0,9%.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Paradela dado a importancia que o sector agrario representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, insta ó Pleno municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- *Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmóbles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.*
- *Para as explotacións agrícolas e gandeiras ó coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%.*

En Paradela a 18 de marzo de 2016. Asdo.: Sonsoles López Izquierdo. Voceiro/a do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que aínda non ten constancia do impacto que vai a ter para os veciños a revisión, se ben manifesta a súa disconformidade e lle molesta coa taxa de 60,00 € por expediente que van a ter que pagar os cidadáns.

Di asemade que a bonificación do 95 % que solicita non se axusta a ningún dos criterios establecidos polo artigo 74 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, xa que non se dan circunstancias nin de carácter social, nin cultural, nin históricas, nin artísticas nin de fomento da ocupación.

En canto a rebaixa do tipo ao 0,3; di que só pode haber un tipo impositivo o que conlevaría baixar toda a rústica, o que suporía poder estar debaixo da media en canto ao esforzo fiscal o que provocaría unha redución na Participación dos Tributos do Estado, tendo en conta ademais que no ano 2014 a carga de ingresos fiscais por habitante foi de 259,20 €, das máis baixas da provincia, na mentras que o gasto por habitante foi de 678,20 € por habitante.

Por estes motivos e polos que non podemos aprobar a Moción.

Toma a palabra Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista, dicindo que o Concello ten capacidade para prescindir duns 17.000 euros que suporía a rebaixa, non sería un esforzo tan importante para o Concello, e si vai ser un esforzo moi importante para os veciños.

O Sr. Alcalde reitera que non se sabe cal vai ser esa presión fiscal e a rebaixa podería provocar unha redución moi importante na Participación dos Tributos do Estado e ter problemas para manter os servizos públicos básicos, xa que o esforzo fiscal págase e págase ben.

Dona Sonsoles López Voceira do Grupo Municipal Socialista di que non cree que a redución provocaría tales consecuencias, e o que se trata é de posicionarse a favor do medio rural e non penalizar sempre aos mesmos, polo que terá que explicarlle aos veciños que non se produce a rebaixa para poder manter os servizos.

A continuación, procédese á votación da Moción, que resulta rexeitada polos sete votos en contra dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular; polos dous votos a favor dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros da Corporación.

9º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA EN RELACIÓN AO PREACORDO SUBSCRITO POLOS XEFES DE ESTADO E O GOBERNO DA UE CON TURQUÍA.

O Sr. Alcalde di que lle parece moi osado que dende o Concello de Paradela se lle esixa ao Goberno Europeo e a Comunidade Internacional algo.

Dona Sonsoles López Voceira do Grupo Municipal Socialista di que non ten ningún problema en cambiar o término esixir por instar, solicitar ou rogar. Do que se trata e de por de manifesto que o Concello está en contra dun preacordo que trata unha cuestión humanitaria de xeito lamentable que tira por terra a filosofía da Unión Europea, consiste en facer unha declaración de principios, de xestionar o tema como se merece por cuestións de humanidade.

A Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista, ten o seguinte tenor literal:

*“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de Paradela en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** en relación ó **preacordo suscrito polos Xefes de Estado e o Goberno da UE con Turquía** con base na seguinte*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 8 de marzo, as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordo para poñer en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes –incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión reubiquen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e de outras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.



Concello de Paradela

Os socialistas españois consideramos que, de confirmarse dito pacto, a Unión Europea non estaría respectando os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. E que estaríamos asistindo ademais ó proceso de deconstrucción da Unión Europea. Os socialistas españois non recoñecemos esta Europa, e cremos que non se pode facer un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas e emigrantes como moeda de cambio, porque considerámolo inadmisibile.

Dende o PSOE consideramos que os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive dende a Segunda Guerra Mundial, firmaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos ós que tivemos acceso a través das información recollidas polos medios de comunicación, contravense claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

O PSOE mostra a súa adhesión ás peticións de organización non gobernamentais, Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas, e activistas pro dereitos humanos na denuncia, rexeito e esixencia de retirada do preacordo da Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así coma a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndose con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno os seguintes

ACORDOS

1.- O Pleno do Concello de Paradela mostra o seu rexeito ó acordo alcanzado entre os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes- incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

2.- O Pleno do Concello de Paradela esixe á Unión Europea e ós Estados Membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta ó Goberno da Unión Europea e ós Estados Membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos firmados pola Unión Europea.

3.- O Pleno do Concello de Paradela súmase ó Manifesto “Pasaxe Seguro” suscrito por multitude de organización sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e ós seus Estados Membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, dende o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

En Paradela a 18 de marzo de 2016. Asdo.: Sonsoles López Izquierdo. Voceiro/a do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE”.

O Sr. Alcalde presenta a seguinte emenda transaccional aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia o 30 de marzo de 2016, e que o Concello de Paradela se suma e esta proposición na que se acorda:

- Seguir traballando na coordinación dentro do Plan de Acollida de todos os recursos dispoñibles tanto das administracións coma das ONGs e das familias galegas con gallo de favorecer a efectiva integración das persoas solicitantes de protección



internacional.

- *Defender no ámbito comunitario políticas construtivas e coordinadas fronte ás ameazas dos controis fronteirizos que se cernen sobre o espazo Schengen. A introdución permanente de controis fronteirizos non pode ser a resposta as arelas dos cidadáns da UE de maior seguridade e protección do seu nivel de vida.*

- *Rexeitar calquera acordo que contemple expulsións colectivas de refuxiados sirios, así como a necesidade da adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os Dereitos Humanos, e especificamente que calquera expulsión a Turquía só será posible adoptala tras a conclusión dun expediente de asilo individualizado con todas as garantías".*

Dona Sonsoles López Voceira do Grupo Municipal Socialista di que non ten problema algún en retirar a súa Moción e sumarse a emenda da Xunta, xa que o contido da mesma e basicamente o mesmo, e non hai nada que discutir cando do que se trata é de facer unha declaración de principios por parte do Concello.

Polo que a emenda e aprobada pola unamidade dos nove Concelleiros (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros da Corporación.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, nin tampouco neste intre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e dez minutos do trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor